

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 26 de xuño de 2017 pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda das axudas para a contratación de xestores de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020.

Mediante Resolución do 2 de marzo de 2017 (DOG núm. 48, do 9 de marzo) publicáronse as bases reguladoras das axudas para a contratación de xestores de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2017.

O órgano instrutor do procedemento administrativo previsto no artigo 10 das ditas bases reguladoras está a analizar as solicitudes presentadas polos solicitantes que se acolleron á presente convocatoria de axudas.

O artigo 8.6 das bases reguladoras da axuda establece que o solicitante deberá achegar xunto co formulario de solicitude o informe de vida laboral da empresa emitido con data igual ou posterior á da publicación destas bases no DOG e por un período mínimo dun ano.

Na análise da documentación achegada coa solicitude de axuda advertiuse que nalgúns expedientes consta o informe de vida laboral, pero o dito informe non fai referencia a un período mínimo dun ano e non se reclamou a emenda desta incidencia no requirimento publicado o 2 de xuño de 2017 no *Diario Oficial de Galicia*. Os expedientes que se atopan neste caso son 9 e a súa relación faise constar no anexo.

O artigo 10.2 das bases reguladoras dispón que, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este requirimento de emenda realizarase preferentemente mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará na páxina web do Igape no enderezo www.tramita.igape.es.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Dar publicidade á relación de solicitantes de axuda xa revisadas que deben ser obxecto de emenda segundo se recolle no anexo a esta resolución. Os solicitantes de



axuda citados no anexo deben presentar informe de vida laboral da empresa emitido con data igual ou posterior ao 9 de marzo de 2017, no cal conste información referida como mínimo a un ano e ese período dun ano debe incluír a data do 9 de marzo de 2017. No caso de que non sexa posible a información dun ano porque a vida da empresa sexa inferior, deberá presentar un escrito comunicando a dita circunstancia e achegar a vida laboral desde o inicio da vida laboral da empresa.

Segundo. Establécese un prazo de dez días hábiles para achegar a documentación sinalada, contados desde o seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG.

Terceiro. De acordo co establecido no artigo 8.4 das bases reguladoras a documentación deberase presentar obrigatoriamente por vía electrónica.

Cuarto. De acordo co disposto no artigo 10.2 das bases reguladoras, no suposto de que non se atenda o requirimento no prazo indicado, ou se a emenda resulta incompleta ou defectuosa, terase por desistido na súa petición o solicitante e archivarase o expediente, tras a correspondente resolución, que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da devandita Lei 39/2015.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017

Juan Manuel Cividanes Roger
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

ANEXO
Solicitudes de axuda suxeitas a emenda de documentación

Núm. expediente	Titular do expediente	NIF
IG166.2017.1.5	Vilarvin, S.L.	B36287126
IG166.2017.1.13	Galichip, S.L.	B27307800
IG166.2017.1.20	Comenza, S.L.	B83900670
IG166.2017.1.21	Tir Anymar, S.L.	B70481486
IG166.2017.1.22	Seijas y Otero, S.L.	B36341899
IG166.2017.1.25	Soc.Cooperativa Vitivinícola Arousana, S.C.G.	F36477354
IG166.2017.1.27	Sanloz Invest & Gold, S.L.	B27408020
IG166.2017.1.28	Imagames Gamification Services, S.L.	B70448618
IG166.2017.1.33	Pasteurizados Cfes, S.L.U.	B36302958

